

VI SEMANA DE CUSTODIA DO TERRITORIO NAS MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

A necesidade de conservar o noso litoral mediante a custodia do territorio

XORNADA DE VOLUNTARIADO

DOMINGO 24 DE SETEMBRO

Limpeza de invasoras e lixo na praia Grande de Miño

O obxectivo desta xornada é eliminar varias plantas invasoras na praia Grande de Miño. Empezamos a erradicalas no ano 2015, cando arrincamos plumachos (*Cortaderia selloana*), uña de gato (*Carpobrotus edulis*), vinca (*Vinca difformis*), crocosmia (*Crocasmia x crocosmiiflora*), margarida africana (*Arctotheca calendula*), yuca (*Yucca gloriosa*) e lirio azul (*Iris germanica*). Este ano revisaremos a presenza destas especies, pois sempre nace algunha das sementes depositadas na area, e algunha máis como o mióporo (*Myoporum laetum*). O tempo que nos quede libre empregarémolo en recolle-lo lixo manualmente, principalmente nas dunas, pois nelas non se poden utilizar medios mecanizados se queremos conservar a súa flora.

O punto de encontro será o Centro de Saúde de Betanzos ás 9:30 da mañá para compartir vehículos. Os que queiran ir directamente, teñen que avisarnos de que van polos seus medios e esperarnos ás 10:00 no extremo da praia (xunto a ponte).

Convén que leves luvas de coiro, ou no seu defecto de cociña. Se tes unha esporta (*capacho*) e un sacho, lévaos por se non chegan os que proporcione a organización. Pensamos remata-la xornada ás 14:00 horas.

Os cativos poden participar na recollida de lixo e no arrincado das plantas (excepto os plumachos), sempre que vaian acompañados dun maior de idade que se responsabilice deles.

Contamos cos permisos de Demarcación de Costas e da Dirección Xeral de Conservación. O Concello de Miño colaborará no transporte e tratamento dos residuos.

Fragas do Mandeo contratará un seguro de accidentes para os voluntarios, polo que se precisan os teus datos con anterioridade (nome e apelidos, DNI, data de nacemento, móbil e correo electrónico). No caso de cancelar a túa participación, por favor, avísanos para non te esperar inutilmente e aforrar no seguro. Se té algún tipo de problema de saúde que deba sabelo a organización, por favor, non te esquezas de informar previamente.

A túa participación nesta actividade supón a aceptación da toma de imaxes por parte da organización e a súa publicación en informacións relacionadas con ela.

Fragas do Mandeo encárgase da organización o día da xornada. Apunta o seu teléfono: **981 105 903**. Ese día estará desviado ó móbil da persoa que coordina a xornada.